



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, designación de tribunal e fixación da data e hora de realización do 1º exercicio do proceso selectivo para a cobertura de 1 praza de auxiliar administrativo, pola quenda de promoción interna

ANUNCIO

LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, DESIGNACIÓN DE TRIBUNAL E FIXACIÓN DA DATA E HORA DE REALIZACIÓN DA BAREMACIÓN DE MÉRITOS E DO 1º EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE 1 PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO, SUBGRUPO C2, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2020

D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, Alcalde-Presidente do Concello de Mugardos, ditou con data 09.05.2022 a resolución núm. 2022-0422, que de seguido se transcribe:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Alcalde-Presidente

Juan Domingo De Deus Fonticoba

Asunto: APROBACIÓN LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, DESIGNACIÓN DE TRIBUNAL E FIXACIÓN DA DATA E HORA DE REALIZACIÓN DA BAREMACIÓN DE MÉRITOS E DO 1º EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE 1 PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO, SUBGRUPO C2, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2020

Visto o expediente que se tramita para a cobertura de 1 praza de Auxiliar Administrativo, subgrupo C2, pola quenda de promoción interna, da escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, incluída na Oferta de emprego público do ano 2020, sendo publicada a convocatoria, xunto co texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas, no Boletín Oficial da Provincia núm. 51, de 16.03.2022, e a convocatoria en extracto no Diario Oficial de Galicia núm. 56, de 22.03.2022, e no Boletín Oficial do Estado núm. 75, de data 29.03.2022.

Rematado o prazo de reclamacións ou subsanación de erros ou documentación, transcorrido do 28.04.2022 ao 04.05.2022, ámbolos dous incluídos, e de conformidade coa base 5ª das bases que rexen a convocatoria, esta Alcaldía, no uso das facultades que ten conferidas, **RESOLVE:**

Primeiro.- Elevar a definitiva a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo antes referido, aprobada pola resolución da alcaldía núm. 2022-0364, de data 22.04.2022, e que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 79, de data 27.04.2022, na sede electrónica deste Concello [<https://mugardos.sedelectronica.gal>], no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal.

Segundo.- Designar o Tribunal de Selección que xulgará o proceso selectivo, que estará integrado da seguinte maneira:

Presidente/a:

Titular: Dna. Ana María Gómez Peña, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Suplente: Dna. Mercedes Ocampo Santiago, Tesoureira do Concello de Mugardos.

Secretario/a:

Titular: D. Manuel Larrosa Rodríguez, secretario do Concello de Ares.

Suplente: D. Diego Seijo Alonso, administrativo do Concello de Mugardos.

Vocais:

Titular: Dna. Mercedes Ocampo Santiago, Tesoureira do Concello de Mugardos.

Suplente: Dna. Olga Fra Gálvez, arquitecta do Concello de Mugardos.

Titular: D. Diego Seijo Alonso, administrativo do Concello de Mugardos.

Suplente: Dna. Fátima García Cendán, bibliotecaria-arquiveira do Concello de Mugardos.

Titular: Dna. Cristina Otero Taboada, auxiliar administrativa do Concello de Mugardos.

Suplente: Dna. María del Mar Nóvoa Conde, administrativa do Concello de Mugardos.

Terceiro.- Convocar aos membros do Tribunal de Selección para que concorran ao Salón de Plenos da Casa do Concello o día 31 de maio de 2022, ás 9.00 h., ó obxecto de realizar a baremación de méritos da fase de concurso.

Cuarto.- Convocar ós membros do Tribunal de Selección para que concorran ao Salón de Plenos da Casa do Concello o día 10 de xuño de 2022, ás 9.00 horas, ó obxecto de confeccionar o primeiro exercicio da fase de oposición.

Quinto.- Convocar aos/as aspirantes ás 11:00 h. do día 10 de xuño de 2022, para que concorran ao Salón de Plenos da Casa do Concello, ao obxecto de realizar o primeiro exercicio da fase de oposición.

Sexto.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica deste Concello [<https://mugardos.sedelectronica.gal>], no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal, a elevación a definitiva da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo antes referido, aprobada pola resolución da alcaldía núm. 2022-0364, de data 22.04.2022, así como a designación dos membros do Tribunal de Selección e o lugar, data e hora do comezo do primeiro exercicio da fase de oposición.

Mugardos, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde.”

Contra o presente acordo de aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, definitivo en vía administrativa, poderán as/os interesadas/os interpoñer, con carácter potestativo, o recurso de reposición ante o mesmo órgano que o dictou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de edictos da Corporación e na páxina web do Concello. Si se interpón o recurso de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte ó de aquel no que se produza o acto presunto.

Non obstante, poderase impugnar directamente o presente acto ante o orde xurisdiccional contencioso-administrativo. A tal efecto poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación da presente, ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Ferrol.

Asemesmo, poderase interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente.

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde-Presidente, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, en data 9 de maio de 2022.